

Producíronse algunhas pequenas diverxencias ou problemas no entendemento entre o grupo brasileiro e o galego, mais o intenso traballo realizado permitiu solventar boa parte das dificultades xurdidas.

Helena González agradece a confianza completa manifestada por Basilio Losada coa Xunta Directiva, actuando como un xenuino Presidente da asociación. Igualmente, destaca o intenso traballo realizado por parte dos membros da Xunta Directiva durante o verán de 2006 para permitir que o congreso se celebrase cunhas aceptables garantías. Finalmente, destaca a comprensión e complicitade dos participantes e público asistente ó congreso.

Basilio Losada manifesta que en moitos momentos temeu que o congreso non puidese finalmente realizarse, debido ás inmensas dificultades da distancia, da comunicación e dos diversos puntos de vista, o que converteu este no congreso de máis difícil organización ata o momento.

4. Elección da nova Xunta Directiva para o trienio 2006-2009.

O Presidente informa que se recibiu unha única candidatura para a nova Xunta Directiva encabezada por Burghard Baltrusch, a cal, conxuntamente o sinalado nos estatutos da AIEG, presentouse con 30 días de antelación á celebración da asemblea.

Burghard Baltrusch, como candidato a presidente, enumera entre os obxectivos da candidatura a vontade de mante-la fructífera colaboración co Consello da Cultura Galega, así como a creación dunha páxina web da AIEG e dunha Revista Internacional de Estudos Galegos. Preténdese así mesmo supera-lo predomínio absoluto dos estudos filolóxicos nas actividades da asociación, e neste sentido optouse por incluír persoas doutras áreas do saber na mesma proposta de candidatura, procedentes dos ámbitos do Dereito, a Historia e a Informática. Aínda que podería ser aínda máis diversa, a heteroxeneidade semella aceptable.

Por outra banda, Baltrusch informa que a vindeira Xunta Directiva pretende tamén encargarse de organiza-lo IX Congreso da AIEG, que se celebraría a Galicia, en colaboración igualitaria das tres universidades galegas. Cóntase xa co apoio dos Decanos das Facultades de Filoxía das tres universidades galegas.

Propónse así mesmo a publicación das Actas tamén en formato dixital e como documento descargable da futura páxina web da AIEG.

Pilar García Negro aplaude a iniciativa de tentar incorporar outras disciplinas como a Historia, a Economía, etc. nos esforzos e obxectivos da asociación.

Burghard Baltrusch sinala así mesmo que se terán en conta tódalas propostas de novos socios doutras áreas. Tras realizar unha breve descrición dos intereses e talentos dos diferentes candidatos, procédese á votación.

O resultado da dita votación é o seguinte:

